

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO AO AMPARO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2020 OPERATIVIDADE MOTOBOMBA

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 3 traballadores para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal.

A totalidade dos contratos encádranse no Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2020, OPERATIVIDADE MOTOBOMBA. A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 3 traballadores, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal vinculada ao convenio.

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS

A.- CONDUCTOR MOTOBOMBA

Prazas a convocar: 3 CONDUCTORES MOTOBOMBA

Duración do contrato: dous meses e medio.

Grupo C2.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberá estar en posesión da seguinte titulación:

GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE

CARNET DE CONDUCIR TIPO C

Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 2

3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida.

Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente a marxe)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

